1. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

1.1. Para o **traballo na aula**:

- Equipo informático para proxectar presentacións dixitais e outros recursos audiovisuais, incluídas secuencias de películas documentais.
- Explicacións do profesor.
- Libro de texto: *Xeografía*, saber facer, editorial Santillana (2016), ISBN: 978-84-9972-702-8
- Mapas en soporte dixital ou en papel.
- Novas de prensa e artigos de opinión.

1.2. Para o **traballo individual ou en pequeno grupo en horario extraescolar**.

- Repositorio con presentacións dixitais, prácticas e outros materiais complementarios no curso específico Xeografía de España 2º Bach na aula virtual do CSA. O dito curso contén propostas prácticas para elaborar composicións, respostar preguntas e definicións requeridas nas circulares do GT da materia na ABAU.
- Os recursos bibliográficos da biblioteca do centro que conta, tamén, con equipos informáticos con acceso á Rede.

2. A AVALIACIÓN: PROCEDEMENTOS e INSTRUMENTOS

A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua, diferenciada e integradora para detectar dificultades e corrixilas adaptando as tarefas propostas ás necesidades específicas das persoas do grupo-aula. Aplicaremos diversos instrumentos e procedementos de avaliación para comprobar o grao de consecución dos coñecementos mínimos establecidos nesta programación didáctica, tendo sempre como referente os requeridos polo Grupo de Traballo da CIUG que elabora as probas desta materia para a ABAU.

2.1. **Instrumentos** de **avaliación** utilizados:

- **Dúas probas escritas por avaliación**, coa correspondente de recuperación, en caso necesario, despois da entrega dos boletíns desa mesma avaliación.

As ditas probas escritas fundamentaránse nos criterios do currículo da materia e, sobre todo, nos requeridos polo GT da materia da ABAU. Valorarase positivamente o emprego correcto de vocabulario técnico da materia, a capacidade reflexiva e comparativa dos feitos e procesos históricos analizados. Serán avaliadas dende 0 a 10 e suporán ata un 80% das cualificacións acadadas en cada avaliación

- **Producións do alumnado**, individuais ou en pequeno grupo.

a) **Libreta** individual do alumno na que figuren debidamente realizadas as tarefas encomendadas nas sesións de traballo presenciais e no curso dispoñible na aula virtual: esquemas e sínteses dos temas tratados, traballos expositivos, composicións e outras producións individuais do alumnado. Suporá ata un 10% da cualificación en cada avaliación.

b) **Proxectos** de pescuda sobre un tema do currículo da materia, realizados, indvidualmente ou en pequeno grupo durante o curso. Deberán presentar o resultado final na aula e nun produto escrito que suporán ata un 20% da cualificación final ordinaria (xuño de 2019).

c) Respostas orais a preguntas do profesor, participación en debates e postas en común na aula. O profesor anotará a cualificación que corresponda na Libreta de Aula.

2.2. **Procedementos** de **avaliación** utilizados:

- **Observación** polo docente encargado da materia da actitude positiva do alumnado para realizar as tarefas propostas para a aprendizaxe dos contidos establecidos. Recolleranse no caderno de aula do profesor apuntamentos referidos aos seguintes items concretos**:** actitude proactiva e colaborativa para mellorar o funcionamento do grupo, realización regular das tarefas propostas e participación voluntaria na corrección das mesmas na aula, intervencións asertivas formulando preguntas ou achegando materiais.

2.3**. Instrumentos de avaliación para o alumnado que perda o dereito á avaliación continua.**

- Unha **proba final escrita de avaliación de toda a materia na convocatoria ordinaria**. Deberán demostrar o coñecemento mínimo requerido dos contidos recollidos na programación didáctica da materia e desenvolvidos durante o curso. Acadarán unha **avaliación positiva** cun resultado **igual ou superior a 5** seguindo os criterios de cualificación establecidos para a materia.

3. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO:

Os **requisitos mínimos** para superar a materia cunha cualificación positiva son:

1º. Demostrar unha actitude de respecto a todo o grupo de traballo, caracterizada polo comportamento correcto cos compañeiros e co profesorado sen impedir o desenvolvemento normal das actividades de aprendizaxe na aula e nas saídas didácticas.

2º. Demostrar unha actitude proactiva cara á aprendizaxe da materia caracterizada por:

a) Uso correcto do libro de texto e do caderno individual seguindo as instrucións do profesor.

b) Organización e disposición correctas do material de traballo individual que deberá estar ordenado e actualizado, é decir coas tarefas encomendadas na aula e no horario extraescolar debidamente realizadas e corrixidas.

c) Participación asertiva nas sesións de traballo na aula.

d) Realización e entrega das producións individuais e en pequeno grupo seguindo os prazos e as indicacións do profesor.

3º. Progresar na realización de tarefas e no coñecemento demostrado polo alumnado ao longo do curso e recollerase positivamente na libreta de aula do profesor.

4º. Respectar e cumplir as seguintes **normas** para a **realización das probas escritas** en cada avaliación e na extraordinaria:

a) Deberán realizarse nas datas preestablecidas, figurando como Non Presentado as persoas que non presenten certificación médica oficial xustificativa da súa ausencia á proba programada. Non serán válidas, a estes efectos, as notas dos pais ou responsables legais do alumnado sobre indisposicións ocasionais dos mesmos.

b) Todos os materiais de aprendizaxe e dispositivos electrónicos do alumnado estarán gardados nas mochilas, taquillas ou chaquetas, sempre lonxe das mesas individuais nas que estén relizando as probas escritas. A detección polo profesor de calquera recurso de apoio durante a realización das probas escritas (dispositivos electrónicos, apuntamentos en papel, libros abertos e agochados no pupitre, etc) suporá e retirada inmediata da proba que non será avaliada, xunto con ese material que se anexará á dita proba. O alumno realizará a correspondente de recuperación. A reincidencia no emprego de medios non autorizados suporá a cualificación negativa de suspenso na avaliación.

c) As probas escritas de recuperación da materia realizaranse de xeito que non interfiran no funcionamento das sesións.

d) Valorarase positivamente a corrección na expresión formal, sancionando as faltas de ortografía e as deficiencias narrativas. Cada 10 faltas de ortografía que o profesor considere graves supoñen a perda de 1 punto na cualificación ata un máximo de 3 puntos na nota final desa proba.

A **cualificación acadada en cada avaliación** será o resultado de sumar a nota media das dúas probas escritas (exames) realizadas en cada avaliación (80%), sempre

e cando superen unha nota mínima de 3,5, as producións escritas individuais ou en grupo (10%) e a participación proactiva nas sesións de traballo na aula (10%).

A **cualificación final ordinaria** será unha media aritmética das cualificacións respectivas acadadas nas tres avaliacións ordinarias e/ou nas correspondentes recuperacións, sempre que superen un mínimo de 4 sobre 10, sumándolle ata 2 puntos do traballo de curso realizados polo alumnado, individualmente ou en grupo.

A transcrición da cualificación acadada polo alumnado en cada avaliación realizarase en números enteiros nas actas e boletíns do alumnado usando o seguinte sistema de redondeo cando se trate de cifras con décimas:

- Redondearase ao enteiro superior no caso de valores decimais iguais ou maiores de 0,6. Exemplo: 7´6 transcribiríase como 8 nas actas e no boletín do alumnado.

-Redondearase ao enteiro inferior no caso de valores decimais iguais ou inferiores a 0,5. Exemplo: 7´5 transcribiríase como 7 nas actas e no boletín do alumnado.

En ambos os dous casos usarase a nota real concreta para calcular a final ordinaria.

Fig. 1: Temporalización das probas escritas e producións do alumnado				
Avaliación	1ª proba escrita	2ª proba escrita	Revisión do traballo individual do alumnado	Proba de recuperación
1ª	XI-2018: 1ª quincena	XII-2018: 2ª semana	XII-2018: 1ª quincena	I-2019: 1ª quincena
2ª	II-2019: 1ª quincena	III-2019: 1ª quincena	III-2019: 2ª quincena	IV-2019: 1ª quincena
3ª	IV-2019: 2ª quincena	V-2019: 1ª quincena	IV-2019: 1ª quincena	V-2019: 1ª quincena
Ordinaria	Cálculo aritmético da media		ata 2 puntos polo traballo de curso	
Extraordinaria	VI-2019			

Nota: aproveitaranse as sesións dedicadas á realización de probas escritas para revisar os cadernos individuais do alumnado.

Os instrumentos de reforzo e guía para a alumnado que non acadou cualificacións positivas e e deba realizar as probas de recuperación serán as presentacións dixitais e as propostas de exercizos prácticas dispoñibles no curso da aula virtual.

A proba extraordinaria consistará nun exercizo escrito seguindo os criterios e modelos das probas realizadas durante todo o curso. O alumnado deberá respostar correctamente preguntas curtas e definicións extraídas da listaxe fornecida polo GT da materia Xeografía da CIUG. Na segunda parte da proba, realizará unha composición entre dúas que se ofrecerán para escoller. Deberá acadar un mínimo de 2,5 puntos en cada parte da proba para superala.

A realización de traballos de investigación con fontes primarias ou secundarias será voluntaria, versará sobre temas escollidos polo alumnado, debidamente orientados polo profesor. Desenvolveranos individualmente ou en pequenos grupos integrados por un máximo de 4 persoas. Aplicarase o seguinte protocolo:

1º. Deseño dun guión ou esquema do tema que se quere pescudar. Será corrixido polo profesor que indicará as fontes biliográficas, webgráficas e audiovisuais para desenvolver a investigación.

2º. Execución dun plan de traballo por todos os membros do equipo, con dúas sesións de control co profesor en xaneiro e abril de 2019 para comprobar que:

a) Realizaron unha lectura comprensiva dos materiais fornecidos ou recomendados.

b) Reflexionaron sobre esas informacións integrándoas debidamente nas argumentacións recollidas nun produto final que ofrece hipóteses e conclusións contrastadas.

c) Non se limitaron a un copia e pega de sitios virtuais, que suporá unha cualificación negativa do traballo.

O **traballo final** entregarase escrito, a man ou en soporte dixital. Neste caso usarán a letra Times New Roman, tipo 12 no corpo do texto e 10 nas notas de rodapé. Poderán xuntar fontes primarias (debuxos, fotos, copias dixitais de documentos orixinais) que permitan entender mellor o proceso de pescuda e os resultados acadados na mesma. Terá unha extensión máxima de 10 páxinas (5 folios escritos polas dúas caras), incluíndo a bibliografía consultada que irá referenciada nunha listaxe alfabética de apelidos ao xeito convencional.

Os libros citaranse por: APELIDOS e Inicial do nome do autor, *título da obra*, editorial e ano da edición. Exemplo: PIÑEIRA MARTIÑÁN, Mª J. e SANTOS SOLLA, X.M., coords., *Xeografía de Galicia*, Xerais, Vigo, 2011.

Os artigos académicos en revistas ou obras colectivas citaránse por: APELIDOS e Inicial do nome do autor, "título do artigo", *título da obra colectiva ou revista*, editorial e ano da edición, páxs. de comezo e remate dese artigo. Exemplo: VÁZQUEZ GONZÁLEZ, A., "Unha visión xeral da emigración galega contemporánea a América e a Europa" en X.M. Cid et alii, coords., *Migracións na Galicia contemporánea. Desafíos para a sociedade actual*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 2008, pp. 17-48.

As referencias a sitios virtuais irán nunha listaxe de wegrafía indicando a ligazón completa e a data de consulta da mesma. Exemplo: Proxecto didáctico Antonio Fraguas, financiado pola Fundación de Abanca e recoñecido como Innovación Educativa pola Consellería de Cultura, Educación e O.U. da Xunta de Galicia. Vid.

http://museodopobo.gal/web/uploads/pdf/Bases%20XI%20Proxecto%20Did%C3%A1ctico%20Antonio%20Fraguas4.pdf, consulta do 23-XII-2018.

Na exposición destes traballos participarán todos os membros do equipo, na orde establecida polo profesor, de xeito que demostren que foi o resultado dun esforzo colaborativo e non a simple adicción de varias achegas individuais. Salientarán os asuntos pescudados, as principais achegas e o aprendido coa experiencia.

Fig. 2: Temporalización da realización do traballo de curso						
Accións	Escolla do equipo e do tema	Realización das tarefas concretas				
		Lecturas recomendadas	Pescudas de campo	Redacción do informe	Presenta-ción na aula	Entrega do informe
Datas límite	X-2018: 1ª semana	I-2019: 2ª semana	III-2019: 2ª quincena	IV-2019: 2ª semana	IV-2019: 4ª semana	Antes do 1-V-2019

A valoración deste traballo farase mediante unha rúbrica de seguimento do proceso, da calidade do resultado acadado e da comunicación do mesmo, ata un máximo de 2 puntos que se sumarán na nota final ordinaria.

Os **criterios de avaliación** son referente especifico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen as capacidades que se queren fomentar e valorar nas sesións presenciais da materia e nos traballos realizados en horario extraescolar. Remiten aos obxectivos de aprendizaxe concretados nos estándares establecidos no currículum da materia e aos **contidos mínimos** establecidos polo GT da CIUG para a preparación da proba da ABAU nesta materia.

Unidade 1. **A xeografía, unha ciencia para o século XXI**

- Coñecemento do concepto de xeografía e o pensamento crítico do territorio.
- Os trazos que caracterizan e os intercambios que forman o espazo xeográfico.
- Análise das distintas saídas profesionais da xeografía.
- A representación da información xeográfica.
- Comprensión dos diferentes tipos de proxeccións cartográficas.

Unidade 2. **O medio físico de España**

- As características do relevo e dos solos e formación xeolóxica da Península.
- O relevo da Meseta, das serras interiores e das cordilleiras exteriores.
- Características das depresións do Ebro e do Guadalquivir.
- Trazos característicos das costas atlánticas e mediterráneas da Península.
- O relevo do arquipélago balear e canario.

Unidade 3. **Diversidade climática e vexetación de España**

- Explicación da influencia da circulación atmosférica en altura e en superficie.
- A incidencia dos centros de acción, as masas de aire e o relevo no clima.
- Caracterización dos catro grandes climas de España e as súas variedades máis destacadas.
- Descrición dos ríos e da vexetación de cada grupo climático de España.

- Análise das causas e consecuencias do cambio climático e valoración do proceso de desertización en España.

Unidade 4. **Os recursos e a enerxía**

- Caracterización das cuncas e vertentes hidrográficas e valoración dos recursos hídricos de España.
- Valoración da auga como recursos escaso e descrición das políticas hidráulicas españolas.
- Descrición do estado actual dos recursos enerxéticos renovables e non renovables en España.
- Descrición do estado actual da explotación dos recursos mineiros españois.
- Coñecemento do concepto de descarbonización e a súa relación coas enerxías renovables.

Unidade 5. **Paisaxes naturais e culturais**

- Caracterización das paisaxes vexetais de España, a súa biodiversidade e o impacto da acción antrópica.
- Fundamentación das paisaxes culturais e o seu nivel de protección actual.
- Coñecemento e valoración das políticas de protección e conservación dos espazos naturais de España.
- Valoración das causas e consecuencias das repercusións ambientais das actividades económicas.
- Avaliación do contido e utilidade dos últimos cumes climáticos.

Unidade 6. **A poboación española**

- Análise das fontes demográficas, das proxeccións e dos indicadores para o estudo da poboación.
- Contextualización da evolución histórica e da dinámica actual da poboación española.
- Descrición da estrutura actual e da distribución territorial da poboación española.
- Avaliación da situación da poboación activa de España e do problema do paro.
- Análise do proceso de envellecemento da poboación española e mundial.

Unidade 7. **Os fluxos migratorios e a mobilidade**

- Análise das causas e das consecuencias dos movementos migratorios.
- Principais características das migracións interiores e exteriores no útimo século.
- Valoración do papel de España como país emigrante e como país inmigrante e das súas consecuencias.
- Definición da mobilidade cotiá ou habitual e análise dos tipos que se distinguen.
- Reflexión sobre a situación actual das persoas migrantes en España e valoración das políticas migratorias.

Unidade 8. **O espazo rural**

- Caracterización da poboación rural e dos procesos de despoboamento e neorruralidade.
- Comprensión da produción agrícola tradicional e da comercialización na agricultura de mercado.
- Descrición das actividades agrícolas e do poboamento das paisaxes agrarias de España.

- Valoración do funcionamento e utilidade da política agraria da Unión Europea.
- Análise da situación actual da actividade pesqueira española e da política pesqueira comunitaria.

Unidade 9. **A industria e a construción**

- Principais características do proceso de industrialización en España e a actual reestruturación.
- Caracterización do tecido industrial español e valoración dos principais sectores industriais.
- Análise dos cambios máis destacados do sector nos últimos anos.
- Contextualización da industria española dentro do marco europeo e mundial.
- Análise do valor económico das pemes e dos traballadores autónomos no tecido empresarial español.

Unidade 10. **As actividades do sector terciario**

- Análise das características e da clasificación dos servizos.
- Valoración da situación actual do comercio interior e exterior en España.
- Estruturación dos medios de transporte, a loxística e a intermodalidade.
- Descrición das outras actividades do sector servizos.
- Análise do auxe das tecnoloxías da información e a importancia crecente dos medios de comunicación.

Unidade 11. **A cidade: estrutura e morfoloxía**

- Caracterización e descrición dos criterios definidores da cidade.
- Descrición do papel dos axentes e o urbanismo na produción da cidade.
- Os obxectivos e os plans urbanísticos e a súa relación coa clasificación do solo.
- A relación entre a estrutura e forma da cidade e as diferentes actividades e funcións urbanas.
- Os cambios e continuidades na cidade contemporánea e os procesos de polarización social e económica.

Unidade 12. **Redes urbanas e problemática da cidade actual**

- A pegada da globalización na formación da cidade española do século XXI.
- Análise do modelo de xerarquía urbana e as redes urbanas en España.
- Caracterización das transformacións urbanas e análise das problemáticas máis recente na cidade española.
- A organización social e económica e a súa incidencia na evolución histórica da cidade en España.
- As políticas medioambientais e de rexeneración urbana que garanten a aparición e o desenvolvemento da cidade sostible.

Unidade 13. **A organización política e territorial de España**

- Valoración de España como un Estado democrático a través da división de poderes.
- Análise da organización territorial de España en Comunidades Autónomas e outras entidades territoriais.
- Caracterización dos contrastes e desequilibrios territoriais debidos a diferentes tipos de condicionantes.

- Avaliación dos disitintos proxectos de políticas rexionais para cohesionar o territorio español.
- Identificación de procesos de participación cidadá no ámbito da xestión política.

Unidade 14. **España en Europa e no mundo**

- Definición e descrición do concepto e proceso de globalización.
- Análise e caracterización da incidencia dos contrastes físicos e económicos no continente europeo.
- Descrición das funcións principais das institucións e organismos da Unión Europea.
- Valoración da importancia das políticas rexionais da Unión Europea.
- Balanzo da integración de España dentro da Unión Europea e a súa contextualización dentro de Europa e o mundo.

4. TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS POR AVALIACIÓNS

Figura 3: temporalización dos contidos por avaliacións

Avaliación	Contidos	Meses
Primeira: setembro a decembro de 2018	A xeografía e o estudo do espazo xeográfico	IX-2018
	O Relevo español: a súa diversidade xeo-morfolóxica	X-2018: 1ª quincena
	A diversidade climática e a vexetación	X-2018: 2ª quincena
	A hidrografía	XI-2018: 1ª quincena
	As paisaxes naturais e as relacións entre natureza e sociedade	XI-2018: 2ª quincena
	O espazo rural e as actividades do sector primario	XII-2018
Segunda: xaneiro a marzo de 2019	As fontes de enerxía e o espazo industrial	I-2019: 3 semanas
	O sector servizos	II-2019: 1ª quincena
	A poboación española	II-2019: 2ª quincena
	O espazo urbano	III-2019
Terceira: abril e maio de 2019	As formas de organización territorial	IV-2019
	España en Europa e no mundo	V-2019